



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN EN APOIO DE XESÚS ANXO LÓPEZ PINTOS

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción en apoio de Xesús Anxo López Pintos.

Exposición de motivos

No pasado mes de marzo coñecíamos a sentenza da Sala do Penal do Tribunal Supremo na que se confirmaba a condena de prisión de seis meses e 1 día e inhabilitación especial do dereito de sufraxio pasivo durante ese tempo ao sindicalista Xesús Anxo López Pintos, por atentado contra un axente da autoridade, durante unha protesta levada a cabo no ano 2012 ante o Hotel Almirante onde o Partido Popular celebraba un acto electoral.

Esta condena supón unha gran angustia para López Pintos e toda a súa familia, pois debido aos seus antecedentes penais tería que entrar en prisión, 10 anos despois do acontecido e atopándose hoxe en día ao marxe da actividade sindical.

As centrais sindicais da comarca iniciaron unha campaña de apoio a López Pintos, onde están a levar a cabo unha recollida de sinaturas para apoiar a solicitude de indulto, ademais de organizar unha manifestación o vindeiro martes 31 de maio.

Este grupo municipal quere amosar o seu apoio ao ex secretario comarcal da CIG en Ferrol, que simplemente exercía o seu dereito de defensa da clase traballadora. Esta sentenza tan só pon de manifesto a represión e criminalización do sindicalismo e das

mobilizacións sociais, cuxo único propósito é a defensa dos dereitos dos traballadores e traballadoras e a mellora da súa vida.

Nestes momentos, a unión de todo o tecido sindical, político e veciñal é fundamental para apoiar a un ferrolán que adicou parte da súa vida a defender á clase traballadora e que vai pagar hoxe, de xeito desmesurado, por un acto de fai máis de 10 anos.

Por todo isto, o grupo municipal de Ferrol en Común somete a votación a presente moción e os seguintes acordos:

1. Amosar apoio a Xesús Anxo López Pintos ante a dura situación que está a sufrir por esta inxusta e esaxerada condena.
2. Respaldar a manifestación que está convocada para o vindeiro martes 31 de maio ás 20.00h diante do Edificio da Xunta.
3. Instar ao Goberno do Estado á concesión do indulto para Xesús Anxo López Pintos tal e coma solicita o movemento sindical da comarca.

Ferrol, 23 de maio de 2022

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común